

CÓDIGO DE CONDUCTA PARA A PROTECCIÓN DE MENORES E ADULTOS VULNERABLES

Inspectoría Salesiana “Santiago el Mayor”

1.- INTRODUCCIÓN

A Inspectoría Salesiana “Santiago el Mayor” (de agora en diante, Inspectoría), con sede en Madrid, é unha entidade con personalidade xurídica, erixida canonicamente pola Sociedade de San Francisco de Sales ou “Salesianos de Don Bosco”, que realiza nun territorio determinado de España unha misión educativo-pastoral en favor dos mozos. Agrupa un conxunto de obras educativas (en diante, Casas), animadas por comunidades salesianas cunha diversidade de ambientes e servizos (escolas, centros xuvenís, parroquias, plataformas sociais, deportes, actividades culturais e recreativas...).

Moitos dos destinatarios desta misión son nenos e adolescentes menores de idade e tamén adultos vulnerables. Consideramos menores de idade ás persoas menores de 18 anos; e adultos en situación de vulnerabilidade, ás persoas de cando menos 18 anos de idade que, por razóns de discapacidade, enfermidade ou polo contexto no que se atopan, son ou poden ser incapaces de protexerse a si mesmas de potenciais danos ou situacións de explotación.

O estilo educativo salesiano fundaméntase no Sistema Preventivo de Don Bosco. Este sistema está baseado no amor como forza liberadora, a razón desde a racionalidade nas propostas educativas e a relixión sustentada na fe en Deus como dador de sentido. Todos os educadores, salesianos ou segrares das Casas da Inspectoría están chamados a desenvolver este sistema para a promoción integral dos nenos e mozos a eles confiados.

Desde este espírito preventivo, ofrécese o presente Código de Conduta coa intención de que nas presenzas educativo-pastorais da Inspectoría Salesiana “Santiago el Mayor”, todos os educadores e toda persoa en contacto con Menores e Adultos Vulnerables se comprometan en garantirlles un espazo seguro, un trato digno e un ambiente positivo de crecemento persoal integral.

2.- PRINCIPIOS E NORMAS

2.1.- O presente Código de Conduta abrangue á Inspectoría en si e a cantas persoas contribúen a conseguir os seus fins e participan, directa ou indirectamente, nas actividades con Menores e Adultos Vulnerables. É obrigatorio e vinculante para todos eles, sendo exixible o seu cumprimento e punible o seu incumprimento coa adopción das medidas disciplinarias correspondentes.

2.2.- O centro de toda actuación da Inspectoría son os mozos destinatarios da misión educativa, a súa felicidade persoal e a súa maduración integral. A Casa salesiana quere ser para os Menores e Adultos Vulnerables un lugar seguro onde se sintan protexidos e defendidos contra toda agresión ou perigo e onde se respecten a súa dignidade, intimidade e dereitos. Como consecuencia, a Inspectoría asume o compromiso de “Tolerancia Cero” cara a toda posible conduta de maltrato ou abuso sexual a Menores e Adultos Vulnerables, e será a primeira en perseguir estes comportamentos en canto se produzan e en denuncialos ante as autoridades competentes.

2.3.- Han de **promoverse** na relación cos Menores e Adultos Vulnerables, os seguintes comportamentos específicos:

- a) O trato con respecto e dignidade, xerando un ambiente de non discriminación por motivo de raza, cor, nacionalidade, orixe social, idade, orientación sexual, ideoloxía, relixión ou calquera outra condición persoal, física ou social.
- b) A vixilancia co obxectivo de impedir e informar de calquera tipo de malos tratos, abusos ou acoso, independentemente de quen puidese causalo
- c) A promoción do bo trato cos Menores e Adultos Vulnerables sendo referentes positivos para eles, motivando a súa participación, respectando o seu espazo persoal e o seu dereito á intimidade así como a privacidade dos seus datos e identidade, fortalecendo relacións de apego seguro, estable e positivo; favorecendo hábitos de vida saudables, tanto a nivel físico como psicolóxico e emocional; evitando dinámicas competitivas e promovendo dinámicas cooperativas, fomentando a resolución pacífica dos conflitos e a comunicación interpersonal.

2.4.- Están **prohibidos**, na relación cos Menores e Adultos Vulnerables, os seguintes comportamentos específicos que poden ser catalogados como **maltratos e abusos de poder**:

- a) O uso de insultos, palabras inadecuadas ou agresivas na súa presenza, así como condutas, actitudes ou comentarios que poidan incitar ao odio ou estigmatizar ás persoas que son diferentes por calquera motivo.
- b) Os comportamentos violentos, hostís ou ameazantes a nivel físico e verbal, tanto en forma ascendente ou descendente (adulto-menor ou menor-adulto), así como as dinámicas baseadas no desequilibrio de poder físico, psíquico ou emocional.
- c) Permitir, promover ou incentivar o consumo de substancias (alcol, tabaco, drogas...) e o acceso ou exposición a contidos en vivo ou multimedia que sexan potencial ou realmente nocivos e que lles podan ocasionar dano.

2.5.- Como medidas preventivas de posibles **abusos sexuais**, han **evitarse** na relación cos Menores e Adultos Vulnerables, os seguintes comportamentos específicos:

- a) O estar sos, en espazos pechados, sen visibilidade desde o exterior ou apartados do grupo, cun Menor ou Adulto Vulnerable, salvo coa autorización propia de quen desenvolvan tarefas en programas que precisen habitualmente un traballo individual, debéndoo especificar previamente no correspondente documento de Compromiso. Nunca se usarán vehículos particulares de persoal docente ou non docente para o desprazamento de menores.
- b) A presenza innecesaria e inxustificada ante menores e adultos vulnerables en actividades que precisan un grao de intimidade (por exemplo, vestiarios, aseos, duchas, pernoctacións...). Cando a urxencia do caso o requira (por exemplo, unha cura ou atención médica urxente), atenderase o que os servizos sanitarios ou o 112 indiquen, informando aos representantes legais e responsables.
- c) A vulneración do mercado na Lei Orgánica de Protección de Datos polo que se refire á realización en dispositivos particulares e sen o permiso correspondente de fotos ou gravacións de actividades da casa, tanto dentro como fóra da mesma, na que aparezan Menores ou Adultos Vulnerables, e menos aínda a súa conservación e divulgación en redes sociais ou a súa cesión a terceiros.

2.6.- Están **prohibidos**, na relación cos Menores e Adultos Vulnerables, os seguintes comportamentos específicos que poden ser catalogados como **abusos sexuais**:

- a) As relacións persoais exclusivas e excluíntes, xustificadas desde unha suposta amizade entre educador e educandos, ou servíndose da autoridade que se ten sobre eles ou as ameazas ou prebendas para manter tal tipo de relación.
- b) Os contactos físicos desapropiados, invadindo a súa intimidade ou faltando ao respecto debido ao seu propio corpo.
- c) Manter na súa presenza unha conduta erótica, exhibicionista ou sexualmente provocadora e contraria ao pudor.
- d) As relacións sexuais de calquera tipo con eles.
- e) A utilización ou a exposición de imaxes de natureza sexual ou pornográfica, mesmo aínda que non sexa intencionada e se produza en instrumentos propios.
- f) O contacto persoal con eles fóra das actividades propias da presenza educativa con intencionalidade contraria aos principios e comportamentos do presente Código de Conduta (por exemplo, a través de chamadas de teléfono, mensaxería virtual, redes sociais, ou outros medios).

3.- MEDIDAS PARA O CUMPRIMENTO

Establécense as seguintes **medidas para o cumprimento deste Código de Conduta**:

3.1.- A **difusión** do mesmo. Permanecerá publicado nas redes internas e será obxecto das adecuadas accións de comunicación e formación, seguindo os principios de transparencia e sensibilización para a súa oportuna comprensión e posta en práctica.

3.2.- A sinatura, por parte de todo o persoal, dun documento de **Compromiso** de coñecemento, adhesión e respecto de dito código, que se incorporará ao seu expediente. Asemade, débese presentar, previamente á súa incorporación ao servizo educativo, o certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

3.3.- As funcións de supervisión, vixilancia e **control** do cumprimento do presente Código de Conduta, por medio dos órganos persoais e colexiados, cuxa identidade e funcións se especifican no Protocolo correspondente.

3.4.- O **Canal de Denuncia**, co obxecto de comunicar as condutas que podan implicar a comisión dalgunha irregularidade ou dalgún acto contrario á legalidade ou ás normas de actuación deste Código, ou para consultar dúbidas que puidesen xurdir sobre a súa interpretación.

3.5.- O **deber de denunciar**. Toda persoa da Inspectoría ten a obriga de informar ao responsable correspondente, ou a través do Canal de Denuncia local que indique o Protocolo correspondente, de calquera sospeita fundada, acto ou queixa relativa á vulneración do presente Código de Conduta en calquera dos seus principios ou normas.

3.6.- O **Protocolo de Actuación**, que indicará de forma clara e unívoca como proceder no caso de denuncia de condutas contrarias aos preceptos deste Código de Conduta para a Protección de Menores e Adultos Vulnerables.

O **cumprimento** das disposicións deste Código forma parte esencial das obrigas contractuais dos empregados e voluntarios da Inspectoría en todos os seus ambientes e servizos educativos, de xeito que, sen prexuízo de calquera outra responsabilidade a que puiden dar lugar, o seu incumprimento pode motivar a adopción das sancións disciplinarias correspondentes.

DOCUMENTO DE COMPROMISO - MODELO A
(Persoal da Casa)

En _____, a ____ de _____ de 20__

D/D^a. _____

con DNI _____,

como: Profesor Animador Adestrador Deportivo Educador Social PAS Outros

no ambiente: Escola Centro Xuvenil Plataforma Social Parroquia Outros

na Casa salesiana de _____,

DECLARA:

- Coñecer a identidade e o proxecto educativo-pastoral da Inspectoría Salesiana á que pertence a Casa na que presta os seus servizos, e o compromiso de dita Inspectoría por garantir a todos os membros da comunidade educativa, especialmente aos Menores e Adultos Vulnerables, o respecto dos seus dereitos;
- Ter sido informado/a e recibido o Código de Conduta, que se compromete a respectar, e cuxo exemplar acompaña a este escrito;
- Saber que calquera persoa que estea en relación directa ou indirecta coas actividades da Casa e que vulnere eses dereitos, será denunciado ante as autoridades pertinentes;
- *(Se é o caso)* Acolleuse ao que contempla o punto 2.5, letra a, respecto ao desenvolvemento de tarefas en programas que precisan habitualmente un traballo individual sen testemuñas con Menores e Adultos Vulnerables.

COMPROMÉTESE:

- A ler integramente o Código de Conduta, facendo del un instrumento de traballo e de consulta;
- A denunciar calquera acto no que se observe un incumprimento do Código de Conduta, facéndoo con responsabilidade e respecto.

E coma signo deste compromiso, asina e sela este documento na data arriba enunciada.

Asdo.:

Nome e apelidos

DOCUMENTO DE COMPROMISO - MODELO B
(Persoal membro doutra entidade, en servizo ocasional á Casa)

En _____, a ____ de _____ de 20

D/D^a. _____

con DNI _____,

como (indicar o tipo de servizo que se presta) _____

na Casa salesiana de _____,

DECLARA:

- Coñecer a identidade e o proxecto educativo-pastoral da Inspectoría Salesiana á que pertence a Casa na que presta os seus servizos, e o compromiso de dita Inspectoría por garantir a todos os membros da comunidade educativa, especialmente aos Menores e Adultos Vulnerables, o respecto dos seus dereitos;
- Ter sido informado/a e recibido o Código de Conduta, que se compromete a respectar, e cuxo exemplar acompaña a este escrito;
- Saber que calquera persoa que estea en relación directa ou indirecta coas actividades da Casa e que vulnere eses dereitos, será denunciado ante as autoridades pertinentes;

COMPROMÉTESE:

- A ler integramente o Código de Conduta, facendo del un instrumento de traballo e de consulta;
- A denunciar calquera acto no que se observe un incumprimento do Código de Conduta, facéndoo con responsabilidade e respecto.

E coma signo deste compromiso, asina e sela este documento na data arriba enunciada.

Asdo.:

Nome e Apelidos